

Límiar do director

Domínguez L. González Lopo

RUDESINDUS

miscelánea de arte e cultura

Cun retraso involuntario, do que é responsable esta situación de crise que ben coñecemos e a todos nos afecta, sae do prelo o sexto volume de *Rudesindus. Miscelánea de Arte e Cultura*. Certamente os tempos non son doados para proxectos coma este, pero despois de ver a calidade do seu contido non cabe dúbida de que paga a pena dedicar o noso empeño para afortalalo e darlle continuidade. Froito de ese empeño, silente pero constante, no que moitos estamos fundamentalmente comprometidos, é o libro, benquerido lector, que tes nas mans. Resultado, enfin, dun entusiasmo que, lonxe de esmorecer, debe continuar firme no futuro, por iso facemos un chamamento ós señores académicos e a todos cantos nos teñen acompañado nesta xeira desde o seu xermolo, para que na medida das súas posibilidades colaboren na difusión da nosa revista; é preciso acadar un meirande número de subscritores para, pouco a pouco, atinxir a nosa independencia económica creando firmes alicerces para esta nosa canle de expresión.

Conta este volume con interesantes achegas. A sección reservada para divulgar as actividades da Academia de San Rosendo, da que *Rudesindus* é voceira, recolle as verbas sempre sabias do noso Presidente, D. Segundo Pérez López, nas sesións de Febreiro e Novembro. O apartado de artigos está integrado por un conxunto de interesantes colaboracións que presentan un equilibrio entre aquelas pertencentes o campo da Historia e as que teñen relación co mundo da Arte. Cóntanse entre as primeiras a de D. José M^a Rodríguez Díaz, que nos ofrece novas reflexións sobre o bispo Maeloc e a súa Sé, así como o traballo de D. Manuel Carriedo -estimulante e cheo de interese coma tódolos seus-, sobre o percorrido xeográfico e humano de San Froilán, outra das lumieiras da *Gallaecia* altomedieval. Complétase esta parte co estudo, honesto e concienciado, de D. José L. López Sangil sobre o mosteiro de Sobrado e a interesante achega de D. José R. Hernández Figueiredo sobre o papa Celestino III, que tan destacado papel xogou na sanción do culto ó noso patrón. Os anteriores hai que engadir un feixe de estudos sobre facianas diversas da actividade artística, tanto plástica como literaria. En

primeiro lugar o texto de D. Ramón Irazu Riveira sobre o emblemático edificio, hoxe basílica, de San Martiño de Mondoñedo, seguido dunha nova aportación verbo da iconografía rosendiana, froito do traballo de D. Miguel A. González García, que se xungue a outras do mesmo autor coas que pouco a pouco vamos coñecendo o ámbito do espallamento da devoción popular ó santo fundador de Celanova, unha investigación que será preciso continuar desenvolvendo no futuro a ámbolos dous lados da raia con Portugal. A eles deben sumarse tres traballos referidos ó mundo contemporáneo; o redactado por Dona Carmen Bouzas e Dona M^a Dolores Villaverde, no que analizan a particular visión de varios artistas sobre O Camiño a Santiago, cuxa fonte de inspiración non é a ruta en si, senón o propio feito de peregrinar a Compostela; a este engádense os de D. José A. Ocaña Martínez e Dona M^a José Iglesias Vázquez, nos que ámbolos dous autores analizan o propio labor artístico no eido da escultura en relación coa figura de San Rosendo, da que nos teñen ofrecido fermosísimas obras. Remata este conxunto de aportacións cunha certa análise da influencia cunqueiriana no estilo literario de D. Ramón Loureiro, da autoría de Arantxa Serantes, coa que a nosa revista participa na conmemoración do ano de Cunqueiro.

Na sección de documentos temos a oportunidade de tomar contacto co contido dun dos pergameos máis senlleiros do Tombo de Celanova, e sen dúbida da documentación galega da Alta Idade Media, o chamado testamento monástico de San Rosendo, emotiva páxina da vida do noso patrón, onde quedou recollida a súa elevada espiritualidade, a súa formación escriturística, a preocupación polos seus monxes e o cariño pola fundación que foi eixo da súa existencia, o mosteiro de Celanova; documento ben coñecido hoxe gracias os estudos do inesquecible profesor Díaz y Díaz e a divulgación que del fixeron diversos autores ó longo do tempo.

Remata este número con dúas interesantes recensións; unha do profesor D. Segundo Pérez López sobre o novo traballo do profesor Torres Queiruga, e outra do Dr. García Cortés sobre o libro que D. Segundo Pérez dedicou á vida e ó labor do senlleiro sacerdote D. Baltasar Pardal.

Antes de rematarmos é preciso, unha vez máis, facer un chamamento ós nosos lectores para que non deixen de enviar colaboracións. É verdade que, como dicía W. Petty, *a moeda é a graxa do corpo político*, pero non é menos certo que para manter firme unha revista coa calidade de *Rudesindus* necesitamos, á par de diñeiro, moitos e bos traballos que nos permitan seguir enchendo as súas páxinas do saber mailo coñecemento que paseniñamente lle está a merecer o respecto dos seus lectores. Manter e acrecentar ese nivel é responsabilidade de tódolos que, dun xeito ou doutro, estamos vencellados desde os seus inicios a este engaiolante proxecto.

Prólogo

Así mesmo queremos dar a benvida á familia que traballa a prol de *Rudesindus* a Dona M^a Aránzazu Serantes López, que como responsable de comunicación formará parte desde hoxe do Consello de Redacción. O seu ben facer no ámbito das novas tecnoloxías vai colaborar sen dúbida á maior difusión da nosa revista.

Non podemos rematar sen agradecer ó Ámbito Cultural de El Corte Inglés e ó Ilmo. e Rvdmo. D. Manuel Sánchez Monge, bispo de Mondoñedo e patrón da Academia de San Rosendo, a súa aportación económica, vital para que este volume puidera materializarse.

RUDESINDUS

miscelánea de arte e cultura

